


A VOLTA DAS NOVE


A REPRESIÓN CONTRA AS MULLERES
NO VAL DE MIÑOR






A VOLTA DAS NOVE

A REPRESIÓN CONTRA AS MULLERES
NO VAL DE MIÑOR





Monumento colocado polo IEM en homenaxe aos mariñeiros da Volta dos 9 e ás súas familias

Avoa, que son esas cruces?
Sonche fillo, a marca do crime, da infamia e a luz
taquigráfica que levanta acta para o auditorio
da historia. Ah, que baixo falas, avoa.
(Fran Alonso)

Neste mes de outubro hai 20 anos que se asinaron os estatutos fundacionais do Instituto de Estudos Miñoráns e foi unha teima do seu primeiro director, Carlos Méixome Quinteiro, o monumento da Volta dos Nove. É verdade que non o fixemos nós. Foi un cardume humano de colaboracións. Houbo que pedir permisos, lidar con atrancos burocráticos, xuntar diñeiro da cidadanía e das institucións, pescudar na historia, escrita, pouca, e oral. E había que deseñar o monumento que o seu autor, Fernando Casás, concibiu coma unha instalación na natureza potente onde deseguido estoupa o mar na Bombardeira. Un tronco de bronce dun plátano de sombra coas pólas cortadas no centro de corenta e cinco loureiros que se resisten a pegarse á terra no sitio onde durante décadas no bordo da estrada aparecían nove cruces tatuando o lugar do asasinato múltiple.

¿Que home pode arrebatarlle a vida ao peito que respira
en flor,
ao músculo que se esforza na procura do pan para os
fillos?

...

¿No nome de que Deus falabades, homes de mal? ¿No
nome de que orde?

(Alfonso Álvarez Cáccamo)

O cardume humano compuxo música, escribiu poesía,
pintou cadros, tirou fotografías, produciu vídeos e banda
sonora e o 15 de outubro de 2005 inaugurou a instalación
na Volta dos Nove, daquela aínda presente a última viúva,

Julia Sanjuán García a filla da Castellana de Panxón, que tivera tres mulleres e logo pariu un neno e aínda non pasaba dos vinteseis. Estaba casada con Manuel Barbosa Durán do Burgo.

Hoxe chora a muller
sen morto que chorar,
sen ollos, sen cadáver.
-Este, que me dicía
"avellaremos xuntos
pro ti...", malpocadiñas.
(Anxo Angueira)

Aquela madrugada do 16 de outubro de 1936 nove asasinados polo cabo Pena e os falanxistas de Baiona, nove viúvas e trinteún orfos e orfas. Menores.

Por elas e por eles Montse Fajardo trocoulle o xénero e metamorfoseouno na Volta das Nove lembrando os milleiros de viúvas do noso país, as miles de orfas e orfos.

A elas dedicámoslle este mes de memoria.

A Rogelia Cabreira sen segundo, da Camesella de San Pedro, quince anos de cadea por auxilio a fuxidos. A cumprir cadea preto, no cárcere de Tarragona. Na casa ficou a nai, maior e solteira que non declarou por estar completamente xorda.

A Esperanza Losada, catro fillos, empreñada da quinta e o home asasinado no San Xián do Rosal a máis de 30 quilómetros da casa.

Pólvora, bala, pouta de metal que estoupa,
pouta que destrúe a imaxe amada, as voces infantís.
(Marta Dacosta)

É a nosa intención que se coñeza a historia recente do noso país, que entre nas escolas e que volva as familias que xa non a transmiten e volverlle ás palabras a súa acepción orixinal e xebre lembrando o que dixo Mariví Villaverde na Illa da Memoria, San Simón: -Feron quen de cambiarlle o significado ás palabras e daquela noite, "cuneta", paseo xa non significaron o mesmo.

Ninguén conseguiu nunca silenciar a sentenza das nove cruces da volta de Baredo.

Ninguén vai coutar nunca a enxurrada de nós en volcán de xustiza, en acción
de permanente tribunal popular.
(Xosé María Álvarez Cáccamo)

A todas as Julias, Rogelias, Esperanzas, Marivís, ... para elas memoria, admiración, reparación e xustiza.

A VOLTA DAS NOVE

A REPRESIÓN CONTRA AS MULLERES NO VAL DE MIÑOR

A historia da represión no Val de Miñor está fixada con nove cruces gravadas no chan pola memoria colectiva. Nove cruces que contan o asasinato de nove mariñeiros na enseada da Bombardeira, en Baiona. Mais a memoria conta tamén nomes de muller. Os nomes das viúvas e orfas que quedaron logo do asasinato dos nove, e de tantos outros nove. Os de Dolores e Carmen, *paseadas* pola barbarie. Os das presas. Os das mulleres que padeceron os castigos sexistas da tatuaxe na pel, o aceite de rícino, as violacións e a rapa. Os das que sufriron ata tolear. Os das mestras e funcionarias afastadas do seu traballo. Os das obrigadas a marchar, deixando todo atrás para subir ás présas a un barco. Os das que ficaron sen nada. Os das nenas sen pan e sen escola. Os de tantas mulleres que resistiron e axudaron aos fuxidos e os presos no peor dos tempos. Os das que aínda hoxe son axuda para nós ao deixarnos como legado o relato do que verdadeiramente pasou daquela.

5

O relato da memoria.

Haberá nomes xa perdidos para sempre no esquecemento imposto polo franquismo e a deslebrada democracia, mais rescatando algúns queremos render homenaxe a todas. Ás nove: ás asasinadas, ás presas, ás vexadas, ás que tolearon de dor, ás que ficaron soas, ás que ficaron coa fame, ás depuradas, ás exiliadas e tamén ás resistentes, ás solidarias e ás transmisoras da memoria. Para que dean volta no silencio e as súas historias, marcadas pola barbarie, fiquen para sempre con nós.

“TRATÁBASE DE SEMENTAR O TERROR DEIXANDO OS CADÁVERES NOS CAMIÑOS, DE XEITO QUE CALQUERA PERSOA QUE ENTRASE OU SAÍSE DAS VILAS TOPASE CON ELES”.

TELMO COMESAÑA, ORFO DE EUSEBIA PAMPILLÓN E JOSÉ COMESAÑA, VECIÑO DE ALCABRE ASASINADO EN VINCIOS EN OUTUBRO DO 36

1. ASASINADAS

O golpe de estado de 1936 levou o terror ao fogar de moitas familias do Val de Miñor mais tamén mancou os seus vieiros co sangue de persoas de municipios da contorna, asasinadas e abandonadas nos camiños a Gondomar, Nigrán ou Baiona.

Todas as persoas asasinadas eran homes agás dúas: A veciña de Baiona Dolores Samuelle Álvarez, *Perfecta*, e Carmen Gómez Domínguez, que vivía no barrio da Bagunda, en Lavadores e foi asasinada en Nigrán.

O cadáver de **Carmen Gómez Domínguez** apareceu na praia de Lourido xunto ao de catro homes na madrugada do 28 de novembro de 1936. Tiña 38 anos, dúas criaturas e dedicábase ás tarefas do fogar. Segundo explica Juan A. González no seu libro *Nigrán. Memorias dunha Guerra. 1936-1939*, os corpos deles estaban atados por parellas con arames. O dela solto. Non foron inscritos no libro de defuncións ata as 13 horas do día seguinte e a identificación de Carmen non chega ata dúas semanas despois, o 16 de decembro.

Era a segunda muller asasinada no Val de Miñor. Un par de meses antes, o 13 de outubro de 1936, os falanxistas acabaron coa vida de **Dolores Samuelle Álvarez**. Segundo a memoria oral déronlle un tiro na cabeza diante do portal da súa casa. Tiña 71 anos. *Perfecta*, ou *Perfeuta*, como era coñecida Dolores en Baiona, foi asasinada a raíz da redada levada a cabo por gardas civís e falanxistas para dar captura aos irmáns José e Luís López Luís, *alcumados os Ineses* ou *os de Inés*, por ser ese o nome da súa defunta nai. Vinculados coa Sociedade Obreira de Sabarís, da que foran dirixentes, *Perfecta* agochounos na casa de Ventura Estévez, un vello cego ao que coidaba. Gardou a memoria oral que saltou a alarma porque ela mercaba o xornal a pesares de ser analfabeta e vivir cun cego. Fixéronlle unha batida na casa e, durante a refrega, *os Ineses* metéronlle un tiro a un dos falanxistas participantes, o cobrador de arbitrios de Oia, Luís Refojo Mariño, que foi trasladado ao sanatorio en estado moi grave. O asasinato de Dolores Samuelle foi o primeiro da vinganza atroz que ía chegar nos días seguintes baixo a batuta dun dos nomes máis vinculados á represión no Val de Miñor, o terríbel cabo Pena.

Ese mesmo día xa mataran *Os Ineses*. Lograran saír da casa de Ventura pero foron asasinados na fuxida, sobre as once da mañá, con quince minutos de diferenza. José nun campo de Sabarís e Luís xunto á tapia do cemiterio civil onde estaba enterrada Inés Luís Mosquera, a súa nai.

Gardas civís, falanxistas e carabineiros foron logo a por *Perfecta*. Pegáronlle un tiro na cabeza ás 15.15 horas dese mesmo día. Deixou un fillo varón, Perfecto, e tres fillas: Concepción, Carmen e Esperanza. Non foi a súa ideoloxía ou a súa militancia política o que lle custou a vida. Como a maioría das mulleres executadas en Galicia, foi asasinada polo mero feito de ser solidaria, de dar acubillo a dúas persoas perseguidas. Luís e José, de 46 e 42 anos, non só non facían mal a ninguén se non que lle facían o ben a toda a comunidade, como lembra no libro de González, a militante falanxista Matilde Santalla:

“Os López eran dous irmáns ben distintos, o máis novo viñera de América con ideas novas e progresistas. Alí formara o sindicato de transportistas e foi polo que o deportaron a Es-



Falangistas de Baiona en Vigo
Arquivo IEM

“(OS DE INÉS) ERAN ANARQUISTAS E VEXETARIANOS, VIVÍAN NO MONTE NUNHA CASIÑA DE CAMPO E CANDO BAIXABAN REPARTÍAN A COLLEITA ENTRE OS NECESITADOS: PATACAS, VERZAS, FABAS...”

PABLO ALEJOS EN DECLARACIÓN A JUAN A. GONZÁLEZ

pañá. Cando se asentaron en Sabaris traballaban unha tomada,-coñecida logo como *A Tomada dos Ineses-* que converteron nun verxel. Sobre todo José era un home moi intelixente que ademais volvía polo pobo e polos traballadores, recordo que dicía sempre que el nunca traizoaría os seus compañeiros (...) Dábao todo polos demais, nunha ocasión que eu tiña *sabañóns* encontrume e deume non sei que herbas e foi man de santo”.

O compromiso coa clase traballadora, as ideas progresistas e tamén a cultura *dos Ineses*, eran inimigos a bater polos golpistas e, logo do massacre, segundo conta a propia Matilde, acabaron coa enorme biblioteca que había na casa de Ventura e que era moi consultada pola veciñanza. Unha biblioteca que fora a menos desde o golpe de Estado, debido ás continuas requisas realizadas polo cabo Pena, que consideraba moitas daquelas lecturas “antipatrióticas”.

Como *os de Inés*, moitos outros homes vinculados co sindicalismo e a esquerda agocháronse e fuxiron ao monte tras a lectura en Vigo, o 20 de xullo, do bando de guerra. No intento de salvar a vida, atoparon o acubillo de dúcias de mulleres, familiares ou non, que en moitos casos pagaron a súa solidariedade con cárcere e malleiras.

“NAS REXAS HABÍA UN POSTO DE FALANXISTAS E ANDABAN SEMPRE A BUSCAR A QUEN LLE DABA DE COMER...NUNHA OCASIÓN MEU IRMÁN MANOLO ÍA CUNHA PATELIÑA PARA O MAR E XA O COLLERON, LOGO VIÑERON A BUSCAR A MAMÁ Á CASA E DESPOIS A PAPÁ QUE TRABALLABA DE FOJONEIRO NO CERQUEIRO. COLLÉRONOS PORQUE DICÍAN QUE DABAN DE COMER AOS ESCAPADOS(...) HABÍA DÚAS VELLIÑAS, ÁUREA E MÁIS CONCEPCIÓN, QUE SI LLES DABAN DE COMER”.

DIVINA MISA FIGUEROA, FILLA DE MATILDE, EN DECLARACIÓNS A JUAN A. GONZÁLEZ

2. PRESAS

Foi a principal causa de detención de mulleres no Val de Miñor. A meirande parte “caeron” ao ritmo das redadas que, sobre todo no ano 1938, se levaron a cabo para dar co paradoiro dos fuxidos que aínda resistían no monte. Homes como Manuel Soto Rodríguez, Francisco Savín Román, Constante Gallego Salgueiro *Conejí*, Modesto Pérez Misa *Mateo*, ou o máis célebre dos fuxidos da comarca, Manuel Prado Pereira, *Lolito*.

REDADAS CONTRA AS REDES

A primeira gran redada ten lugar o 14 de marzo dese ano. A Garda Civil detén en Priegue (Nigrán) a Ángela González Vilas, de 31 anos, e a **América González Silva**, de tan só 23. Ambas permanecen catro meses presas. Na mesma data, son arrestadas **María Álvarez Fernández** e **María Mercedes Benavides Álvarez**, así como **Ade- laida Rodríguez** e **Modesta Cabreira Pérez** que permanecen retidas ata xuño.

A procura de Soto e Savín xa provocara con anterioridade, o 18 de febreiro, a detención da irmá do primeiro, **Carmen Soto Rodríguez**, cando apenas tiña 22 anos.

Só cinco días despois desa redada, o 19 de marzo, hai unha nova batida sobre o entorno de *Mateo* e *Conejí*. A nai do primeiro, **Esperanza Misa Rodríguez**, é detida en Nigrán e xunto a ela no calabozo terminarán as veciñas de Panxón **Emilia Sanromán Pérez**, **Angelina Valtierra Rodríguez** e **María Giráldez González** así como **Dolores Silva Fernández**, da parroquia de Priegue. Non acadan a liberdade ata pasados tres meses. As novas e ilexítimas autoridades pretenden afogar calquera intento de axuda aos fuxidos e, aínda así, non logran dar con eles.

No mes de outubro levan a cabo un novo arresto masivo de familiares de Modesto Pérez Misa, *Mateo*. O día 7 deteñen a **Joaquina Misa Aballe**, que non é liberada ata o 26. Tamén son encarcerados os seus irmáns Francisco e Manuel, a muller deste, **Matilde Figueroa Barra** e o seu fillo, Manuel Misa Figueroa, de 17 anos. Completan a batida co apresamento de **Rosa Misa Rodríguez**, Nazario Gallego, e o fillo deste, Ángel Gallego Figueroa.

Finalmente é a familia de Constante Gallego Salgueiro *Conejí* a sorprendida dándolles acubillo e, o 25 de novembro de 1938, prenden xunto a ambos sindicalistas, a súa nai, **Balbina Salgueiro Rodríguez**, e varias parentes: a súa tía **Mercedes Salgueiro**, **Angelina Salgueiro González**, **Julia Rodríguez Domínguez**, **Belarmina Quinteiro Gallego** e **Adoración Gallego González**. Tampouco é allea a persecución aos homes da familia. O irmán pequeno do *Conejí*, Severino, de 19 anos, xa estivera preso desde o 11 de febreiro ata o 7 de abril de 1937. O seguinte, Vicente, que tiña 21 anos e era militar na Escola Naval de tiro Jaime Janer de Marín, fora xulgado por sedición no Ferrol ao negarse a secundar o golpe, e condenado a tres anos. O terceiro, Manuel Gallego Salgueiro, de 24 anos, tampouco librou de ser apresado o 24 de novembro de 1938.

Ambos fuxidos foron levados ao cárcere de Vigo e o 11 de marzo de 1939 condenan a *Mateo* a cadea perpetua e ao *Conejí* a morte. Balbina, a súa nai, que quedara libre o 22 de xaneiro, moveu Roma con Santiago para conseguir adiar a execución e que, en agosto de 1940, lle fora conmutada por cadea perpetua, para conseguir a liberdade definitiva en xaneiro de 1945.

Na redada en que prenderon a *Mateo* e *Conejí* foron tamén detidas as irmás **Purificación, Olivia e Adelina Veiga Campos**, así como o seu irmán Julio e **Julia Campos Costas**, que residían en Saiáns (Vigo).

A CAÍDA DO ACUBILLO DE LOLITO

Non só as familias prestaban acubillo aos fuxidos. Tamén o facían amizades e veciñanza: persoas que compartían a súa ideoloxía ou simplemente rexeitaban por humanidade o terror que o fascismo verte sobre quen non pensaba do mesmo xeito.

Un exemplo disto é a solidariedade con quen probablemente fora o fuxido máis famoso do Val de Miñor, o ebanista e dirixente do sindicato mariñeiro de Nigrán, na órbita da CNT, Manuel Prado Pereira, *Lolito*. *Lolito* é apresado e trasladado ao cárcere de Vigo o 18 de decembro de 1938. Tras ser condenado a morte, fusílanlo o 4 de marzo de 1939, pero non nun paredón vigués, senón no Val de Miñor, en Area Alta, Panxón, para escarmento da poboación, que amparara e fora testemuña da súa fuxida resistente, da súa teimosa oposición aos golpistas. Segundo contou a memoria oral, xunto a el no coche trasladaron o seu propio ataúde ata o lugar da execución.

Manuel Prado Pereira deixou viúva e dous fillos. Os gardas descubriran o seu agocho na bodega do fogar que **Rogelia Cabreira** tiña no barrio da Camesella de San Pedro da Ramallosa e por darlle acubillo foi procesada na causa 218 de 1938 e condenada a 30 anos de prisión en xaneiro de 1939. O seu expediente recolle que o 8 de agosto foi trasladada xunto a outras dúas presas do cárcere de Vigo, **Piedad de la Fuente Martínez** e **Otilia Docamiño García**, ao penal de Tarragona e alí permaneceu seis anos, ata agosto de 1945. Logo pasa a prisión atenuada, no seu domicilio, non obtendo a liberdade total ata 1953, aínda que mentres durou a ditadura esta non foi absoluta.

Segundo a causa militar 218/938, con ela deteñen tamén a súa nai, **Josefa Cabreira Valverde**, que non declara tras alegar xordeira, e a unha curmá, **Dolores González Cabreira**, de 21, que di estar alí coidando a Rogelia porque estaba doente. Ambas quedan libres no 39. Ao día seguinte de prendelas a elas, o 20 de novembro de 1937, son tamén detidas por auxiliar a *Lolito*: **Soledad Rodríguez Valverde**, de 88 anos, a súa irmá **Vicenta Rodríguez Valverde**, vinte anos máis nova, **Concepción Sanjuan Román**, de 25, a súa nai **Joaquina Román González**, de 52, **Aurea Misa** de 36, a súa nai **Josefa Misa**, de 81, e a comerciante **Brasilina Valverde Méndez**. Agás esta última, que vivía en Nigrán, o resto eran veciñas do barrio da Mámoa, en Priegue, onde *Lolito* estivera agochado.



Josefa Iglesias e o eu home, o mestre José Vázquez Grela asasinado tras o golpe
Arquivo IEM



Josefa Iglesias e José Vázquez Grela con dous fillos
Arquivo IEM

AS IDEAS PRESAS

Aínda que a solidariedade foi a principal causa de detención feminina no Val de Miñor, tamén houbo mulleres encarceradas pola súa ideoloxía ou por implicarse sindical ou politicamente naquela República que por vez primeira, e aínda timidamente, empezaba a recoñecerlles dereitos cidadáns. Non en van foi en 1933 cando se exerceu o sufraxio feminino por vez primeira.

Un exemplo é o de **Rosario Ruiz Pascual**, alcumada a *Alcaldesa* por ser a esposa de quen era alcalde de Nigrán en 1936, Manuel Alonso González.

Segundo se conta en *Nigrán, Memoria dunha guerra, 1936-1939*, no momento do golpe Alonso dá a orde de reunir as armas requisadas para entregarllas ás autoridades republicanas mais, tras a lectura do bando de guerra, doa ouro á causa franquista, probablemente nun intento de salvar a vida.

O mesmo fixo o mestre de Nigrán José Vázquez Grela, que para agochar o seu fondo compromiso coa II Repúblicaponse ao servizo das autoridades golpistas como presidente do Consello de Primeira Ensinanza, e ata participa na reposición do crucifixo nas aulas. De nada lle serve, e o 13 de setembro do 36, ás catro e vinte da tarde, é sacado da escola, diante dos nenos, e asasinado. Deixou viúva a **Josefa Iglesias** e na orfandade a María Asunción, Antonio, Manuel, Julia, Alfredo e José Gonzalo. Tiña 50 anos.

O alcalde Alonso ten mellor sorte có mestre, e salva a vida, pero non consegue eludir o cárcere e pasa polo Frontón e a illa de San Simón.

**“SAÍN CORRENDO CARA Á
CASA, NA CUNETA, MOI CERCA
DA ESCOLA ESTABA O MEU
MESTRE, TIRADO, AO SEU
ARREDOR UNHA MANCHA DE
SANGUE QUE CORRÍA APURADA
POLA TERRA. LEVABA A SÚA
VELLA BATA TODA SALPICADA
DE SANGUE. OS ASASINOS
COVARDES XA NON ESTABAN”**

JUAN CABREIRA, FILLO DE JOAQUINA
SANROMÁN E JOSÉ ENRIQUE
CABREIRA, ASASINADO EN 1936, EN
DECLARACIÓNS A JUAN A. GONZÁLEZ

Tamén a súa muller, Rosario, é levada presa e xulgada en Vigo por auxilio á rebelión. Segundo conta Carlos Méixome no seu artigo *Os de Priegue en Canido. A causa 646/36. Da resistencia como ilusión á represión como sistema*¹, a Alcaldesa é acusada de repartir armas entre os contrarios ao golpe e de saír ao balcón da súa casa para botarlles unha arenga.

Aínda que finalmente a absolven e pasa a disposición da autoridade governativa, -o que na historia do golpe significou controis sobre as familias e detencións sen controis-,nunca logra superar o ocorrido daquela. Conta a súa neta Rosa Alonso no libro *Nigrán, Memoria dunha guerra, 1936-1939* que foi detida apenas uns días despois que o home e a piques estivo de ser *paseada*: “Estaba na casa e sacárona case que espida os gardas de asalto. Levárona así a Baiona, nunha camioneta con máis xente, agarrada a ela como unha lapa foi a miña tía, iso salvouna pois a todos os demais foron a matalos a Camposancos e a avoa Rosario quedou en Baiona coa tía agarrada a ela (...) Logo miña nai foi tamén á cadea e condenada por rebelión”.

Como as persoas que retornaran da emigración, Rosario, que era de orixe cubana, trouxera do seu país outras ideas e devezo cultural, e iso non encaixaba co modelo de muller, fóra da política e dentro do fogar, que os fascistas impuxeron.

Morreu no ano 1966, sen superar nunca a inxustiza do vivido por defender as súas ideas democráticas.

Houbo outros nomes de veciñas do Val de Miñor que ficaron presas, como **Gumersinda Chamorro Veiga**, que era de Panxón e foi detida en outubro do 37, ou **Gumersinda Iglesias Pereira**, de Gondomar, condenada a 15 anos por “rebelión militar”: A perversión da linguaxe fascista, do discurso imposto durante corenta anos de ditadura e que aínda fica por revogar. As mulleres son acusadas de rebelión militar, de enlace con bandoleiros ou mesmo de “auxilio aos alzados” como se pode ler, por exemplo, en moitos dos expedientes relacionados con *Lolito*. E hai sentenzas a morte, -ditadas por quen se alzou coas armas contra persoas que defenderon o lexítimo goberno republicano- que aínda agora recollen condenas por traición, *bandidaje* e ata terrorismo.

“A MIÑA AVOA ERA UNHA MULLER MOI CULTA E ISO NUNCA LLO ÍAN PERDOAR”

ROSA ALONSO, NETA DE ROSARIO RUIZ, EN DECLARACIÓNS A JUAN A. GONZÁLEZ

“ELA SI QUE NON PUIDO SUPERAR O TRAGO DA GUERRA, DAS ENVEXAS, DAS VINGANZAS PERSOAIS, DO SUFRIMENTO POLO SEU MARIDO, POLO SEU FILLO, POR ELA MESMA E POLOS SEUS IDEAIS, QUE SE VIÑERON ABAIXO NUNHA TARDE DE XULLO DE 1936”.

ROSA ALONSO, NETA DE ROSARIO RUIZ, EN DECLARACIÓNS A JUAN A. GONZÁLEZ

“A MULLER DE MANOLO
MIRANDA, DOMITILA,
FIXO TODO O QUE PUIDO
PARA QUE OS GARDAS
LLE SALVASEN A VIDA.
MATÁRONO IGUAL”.

MARISA NIEL EN
DECLARACIÓNS A JUAN A.
GONZÁLEZ



As mulleres sufriron agresións sexistas como a rapa. Na imaxe, Juana Otero, de Vilagarcía
Arquivo A Memoria das Mulleres


3. VEXADAS

Achegarse a aquel tempo require facer unha relectura das verbas. Non había nada xusto nos xuízos e as sentenzas xa estaban ditadas. Non había garantía legal no proceso nin tampouco na prisión. Non existía o *habeas corpus* e un arresto feito por unha autoridade gobernal podía prolongarse sen participación xudicial ningunha durante meses. Por iso hai dúcias de detencións que nunca se reflectiron nun papel. Nin hai papeis que recollan o sufrido unha vez dentro dos cuarteis e dos cárceres. Sobre todo, do sufrido por elas. Rapas do pelo, pel tatuada con cruces da obrigada relixión, ou siglas que lembraban as agrupacións de esquerda ou as consignas coreadas nos tempos de esperanza: *UHP, uníos hermanos proletarios!!!*

As mulleres foron sometidas a malleiras ou obrigadas a inxerir aceite de rícino para logo ser paseadas polas prazas, rapadas e marcadas, mesmo anunciadas por tambores para que ninguén perdesse o espectáculo de velas facer as súas necesidades en público, sometidas e humilladas. As mulleres foron violadas.

Tamén no Val de Miñor.

Ás veces a tortura chegaba dentro da túa propia casa, e non tiñas a quen denunciar, porque era a autoridade quen te torturaba. Na terra galega foi o corpo da muller o único campo de batalla. O corpo das que se iniciaran na política ou se sindicaran, pero tamén das que non se implicaran e pagaron na pel a ideoloxía dos homes da fa-



Na imaxe, Encarna Silva, que colocaba a trenza con horquillas para tapar a cabeza rapada.
Arquivo A Memoria das Mulleres

milia. O das sometidas a malleiras para que revelasen o paradoiro dos fuxidos. O das que intentaron por calquera medio salvarlle a vida aos seus seres queridos.

Juan González recolle no seu libro sobre a represión en Nigrán o relato de **Eulalia Veiro Vidal**, que foi golpeada xunto ás súas irmás e á súa nai, **Saladina Vidal Otero**, no intento de que revelasen o paradoiro do pai, José Veiro Guisande. Andou agochado por moitos sitios. Ao principio coa familia del e logo no monte e en fogares veciños, pero como a cousa se prolongaba, tivo que volver á casa e facer un buraco. Cubriuno con postes de viña que Saladina quitaba de noite para levarlle comida. Tamén as veciñas deixaban ás veces leite ou caldo. Ela dicialles ás criaturas que había unha serpe para que non pasasen. Eran moi pequenas e podían falar. Un día mirárono na maceira e avisáronlle ao avó que había un home roubando mazás.

Fóra da casa explicaban sempre que José Veiro estaba en América. Pero gardas civís e falanxistas ían buscalo de noite e mallaban en criaturas de catro e cinco anos. Dicianlle a Saladina que, se non falaba, a mataban e metíanlle a descendencia nun barco para Rusia.

Eulalia contaba que lles pisaban coas culatas os pés descalzos. Non tiñan zapatos, nin roupa. Daquela, nas casas humildes había pouco máis ca fame. Por iso loitaba a xente como Veiro. Por iso se sindicaba e militaba en partidos de esquerda. Por iso resistiran o golpe do capital, o exército desleal e a igrexa. E por iso foron perseguidos.

“CANDO CHEGABAN OS GARDAS, NÓS ESCAPABAMOS DA CASA, FUXIAMOS POLO MEDO AOS GOLPES, POR MEDO A ESCOITAR A MAMÁ CHORANDO... PECHÁBANA NUNHA HABITACIÓN... O CABO, O CABO PENA QUE ERA O PEOR DO PEOR, INTERROGÁNDOA, PREGUNTÁNDOLLE... ‘TRANQUILA, NO LE VA A PASAR NADA’... ‘YO NO SÉ NADA DE ÉL, DIN QUE FUXIU PARA AMÉRICA PERO EU NON SEI’, REPETÍA E REPETÍA MAMÁ. OUTRAS VECES LEVÁBANA A BAIONA, EN BAIONA... MELLOR NON LEMBRAR... EN BAIONA TODO ERAN PALLIZAS”.

EULALIA VEIRO, FILLA DE SALADINA VIDAL, EN DECLARACIÓNS A JUAN A. GONZÁLEZ

“TIÑAMOS A CASA ESCOLTADA. TIÑAMOS DOUS GARDAS NA PORTA E O GARDA OFRECIÁME CAMELOS PARA QUE DIXERA ONDE ESTABA O MEU PAI. A MIÑA NAI METÍA Á MIÑA IRMÁ PEQUENA BAIXO A COLCHA E LEVANTÁBANA PARA VER QUÉ ERA O VULTO. LEMBRO AQUELES TRICORNIOS, E AQUELAS CAPAS. EU PREGUNTÁBALLE Á MIÑA NAI ONDE ESTABA PAPÁ E ELA DICÍAME QUE NON O SABÍA. CREO QUE NON O SABÍA NIN ELA”.

JULIA BARBOSA, FILLA DE JULIA SANJUÁN E MANUEL BARBOSA, ASASINADO NA VOLTA DOS 9



Julia Sanjuán, con pano negro á cabeza
Arquivo familiar

A TORTURA DO MEDO

As torturas eran unha constante sobre as familias dos fuxidos, dos presos e mesmo dos xa asasinados. Durante anos conviviuse co medo, tal e como conta en *Nigrán, Memoria dunha guerra, 1936-1939* a veciña do Viso Sara González, filla de **Dorinda González Fernández** e Abilio González Pérez, *o Pinicheiro*, asasinado o 8 de setembro: “Na casa pasáronse momentos de medo e angustia, non só por el se non por nós mesmos xa que o cabo Pena e os falanxistas viñan de cotío a investigar onde estaba e a rachar con gran parte da nosa biblioteca. Incluso a unha irmá da miña nai levárona a Baiona e *Dios* sabe o que alí fixeron. Rapáronlle o pelo a cero e aínda así non dixo nada”.

Son moitas as lembranzas dos rexistros que quedaron na memoria das familias.

Son moitas as lembranzas das malleiras.

Vicente Rodríguez, secretario da Sociedade de Obreiros da Construción de San Pedro e militante do Partido Comunista condenado a vinte anos por auxilio á rebelión, lembráballe así a González: “Na casa de Panxón todos aqueles anos estaban soas a miña nai e as miñas irmás. Foron anos de terror e de angustia, non había semana que non pasaran por alí os falanxistas ameazando e rompéndoo todo, aproveitábanse de que eran mulleres soas”.

“Á FINADA DA MIÑA NAI, QUE ESTABA PREÑADA, GOLPEÁBANA E DÁBANLLE PATADAS POR TODO O CORPO PARA QUE DIXERA ONDE ANDABA MEU PAI, INCLUSO NUNHA OCASIÓN PRENDÉRONLLE LUME NO PELO”.

MANUEL GUISANDE EN DECLARACIÓNS A JUAN A. GONZÁLEZ

4. AS QUE QUEDARON

“As que pasaron as que quedaron, iso ninguén o sabe” dicía sempre Carmen Meaños, orfa dun mariñeiro do Carril, Antonio, asasinado polos fascistas tras o golpe de xullo. Carmen defendía que tamén a súa nai, Manuela Abuín, era vítima daquel horror, pois ficou tola tras atopalo nunha gabia coa cabeza desfeita dun balazo. Era vítima ela mesma que, con dez anos, tivo que poñerse a servir aínda que non lle deran un peso, para ter un catre, un teito e algo que levar á boca.


As mulleres do Val de Miñor tamén ficaron. Viúvas, orfas, soas polo terror e, como Carme, convivindo porta con porta co home que sinalara a súa casa aos que foran matar.

A VOLTA DA VIDA

A vida deulles a volta. Como na Volta dos 9. Aquelas cruces que marcaron o asasinato de nove homes, marcaron tamén a traxedia de nove viúvas e trinta e unha criaturas orfas: Manolo, Rogelio, África, José e Melitón, que naceran do matrimonio de **Clementina Freire Mosquera a Chubasca**, e José Rodríguez González, *o Pelonio*, mariñeiro de Baiona asasinado con 45 anos, na xa para sempre rebautizada como Volta dos 9.

Eugenio e Víctor, a quen sempre chamaron *Cholo* na familia formada por **Antonia Rial Veiro** e Manuel Aballe Domínguez, mariñeiro de Panxón de 44 anos asasinado na Volta dos 9.

José Rodríguez González, *o Pelonio*,
asasinado na Volta dos 9
Arquivo IEM



Manuel Aballe Domínguez,
asasinado na Volta dos 9
Arquivo IEM



Modesto Fernández Rodríguez, *o Rei Chiquito*,
asasinado na Volta dos 9
Arquivo IEM



**“A MIÑA SOGRA CAEU NO CAMIÑO.
COLLÉRONA TIRADA NO CAMIÑO
CANDO LLO DIXERON”**

PILAR GONZÁLEZ, NORA DE ROSARIO
RODRÍGUEZ E O REI CHIQUITO

**“O MEU PAI ESTABA AGOCHADO
E CONVENCÉRONO DE QUE SE
ENTREGASE. FOI ONDE MIÑA NAI E
ELA DÍXOLLE QUE NON O FIXERA.
LOGO ACOMPAÑOONO E ESCOITOU
A MALLEIRA QUE LLE DERON...
COMO NON ÍA NACER O MEU
IRMÁN! NON TIÑA QUE TER NACIDO
QUE AÍNDA NON ERA O TEMPO
PERO CO DESGUSTO QUE LEVOU
DAQUELA...”**

JULIA BARBOSA, FILLA DE MANUEL E
JULIA SANJUÁN

Gloria, Lidia, Juan, Enriqueta, Jaime e Álvaro, que saíron adiante grazas a súa nai, **Rosario Rodríguez Iglesias**, logo do asasinato do *Rei Chiquito*, alcume de Modesto Fernández Rodríguez, mariñeiro de Panxón a quen lle arrebataron a vida aos 47 anos de idade na Volta dos 9.

Isabel, Carmen e Manuel naceran do ventre de **Angelina Vega Ríos**, esposa de Elías Alejandro Gonda Alonso, o *Ghonda*, labrador de 36 anos de Santa Cristina de Ramallosa, asasinado na Volta dos 9 con sete mariñeiros (cinco de Panxón e dous de Baiona) e con Manuel Barbosa Durán, o *ferreiro do Burgo*, mecánico de profesión casado con **Julia Sanjuán García** e pai de Julia, Carmen, Encarnación e Manuel. Foi a propia nai de Manuel, **Isabel Durán**, a que corroborou que morrera da hemorraxia torácica e intercaneal que lle provocaran os tiros na Volta dos 9.

Cando o mataron, o fillo pequeno aínda non nacera. Chegou aos quince días coa pel ennegrecida do loito que cubrira as entrañas da súa nai, pero aínda non lle tocaba vir e morreu aos cinco meses. Puxéranlle Manuel, coma a el.

Como a nai de Manuel, tamén **Sofía Vieites Penedo**, viúva de Fidel Leyenda Rodríguez, o *tío Félix*, foi recoñecer o seu corpo, xunto con **Eugenia Mijón Durán**, a esposa de Francisco Manuel Lijó Pérez, o *Lijó*, con que tivera a Mercedes, Manuela, Maximino, Oto e Eva. Pasados cinco anos, **Benita Domínguez**, a nai de Aballe, recolleu os seus restos nunha caixa que levou na cabeza para volver no tranvía a Panxón.

Outras nin tiveron cartos para poder sacar os ósos.

Francisco Manuel Lijó Pérez, o *Lijó*, asasinado na
Volta dos 9
Arquivo IEM



Manuel Barbosa Durán,
asasinado na Volta dos 9
Arquivo IEM



**“ESTABA A MIÑA NAI A VESTIRNOS
PARA IR VISITALO (...), XA
ESTABAMOS PREPARADIÑOS
CANDO ESCOITAMOS UNHAS
VOCES ‘EUGENIA, EUGENIA,
NON SAIAS QUE O TEU MARIDO
VÉN NESE CAMIÓN!’ OS IRMÁNS
QUEDAMOS COA MESTRA DONA
MARÍA CORDEIRO, QUE ERA AMIGA
E TIÑA AS IDEAS COMO AS DO MEU
PAI, E A MIÑA NAI CORREU CARA
A BAIONA XUNTO CON SOFÍA,
BERRANDO, BERRANDO... ESE DÍA
FERIUSE NUNHA PERNA E NUNCA
MÁIS CHEGOU A CURARSE, SEMPRE
LLE ESTIVO A SUPURAR AQUELA
FERIDA...”**

MANUELA LIJÓ, FILLA DE EUGENIA MIJÓN
E O LIJÓ, ASASINADO NA VOLTA DOS 9, EN
DECLARACIÓNS A JUAN A. GONZÁLEZ

Aquel quilómetro 18 da estrada de Baiona á Guarda deixou tamén viúva a **María**, a muller de Felicísimo Antonio Pérez Pérez, con quen non tivo descendencia, e condenou á orfandade a Vicente, Elodia, Tina, Pepe, Generoso e Germán, menores de idade e descendentes de **Aurelia Rodríguez Cabral** e Generoso Valverde Iglesias, mariñeiro de Panxón asasinado aos 37 anos na Volta dos 9. Pola súa implicación coa República alcumárono *Largo Caballero* e el púxolle á súa chalana *Crucero Libertad*. Os falanxistas rebautizáronlla Elodita, convertendo en represión ata o nome da filla.

Tamén Francisco Manuel Lijó, que era natural de Corrubedo, en Ribeira, pero vivía no Burgo, tiña unha game-la á que lle puxo *UHP*. Conta a súa filla Manuela no libro *Nigrán, Memorias dunha guerra, 1936-1939*, que a fixera con axuda doutra xente de Baiona cando a súa quedara desfeita nunha noite de temporal. E que por esa unión lle puxeran o acrónimo da Unión de Hermanos Proletarios, que tamén ela coreaba nas manifestacións co puño en alto sen ter nin idea do que significaba.

Apresáranos a todos pola súa implicación social, tal e como conta Manuela Lijó no libro de González: “Eles por aquela sei que se reunían nun local que agora é o colexio de nenos e nenas pequenas en Sabarís, onde lle chaman de Cristo Rei. Pero, aquilo que ten que ver para que fixeran o que fixeron? Alí non facían nada malo, defendían os seus dereitos e xuntábanse a falar no seu local”.

Rosario Rodríguez, viúva do Rei Chiquito
cun dos fillos
Arquivo familiar



Julia Sanjuán, viúva de Manuel Barbosa
Arquivo familiar



“XA MEU PAI NON ANDABA TRANQUILO, UN HOME DE ESQUERDAS, TI MIRA SE ERA DE ESQUERDAS, SE ERA REPUBLICANO QUE A CHALANA QUE TIÑA, ERA MARIÑEIRO E ÍA ÁS NASAS, QUE ERA UNHA DAS CHALANAS MÁIS GRANDES DE PANXÓN, PÚXOLLE DE NOME CRUCERO LIBERTAD (...) ESTABAMOS A XOGAR NA PRAIA EU E A MIÑA IRMÁ ELODIA CANDO SE ACHEGAN OS FALANXISTAS CUN CALDEIRO CHEO DE CHAPAPOTE E UNHA BROCHA E BORRARON O NOME DA CHALANA. DESPOIS PUXÉRONLLE POR ENRIBA UN NOVO NOME: ELODITA”.

VICENTE VALVERDE, FILLO DE AURELIA RODRÍGUEZ E GENEROSO VALVERDE, ASASINADO NA VOLTA DOS 9 EN DECLARACIÓNS A JUAN A. GONZÁLEZ

Generoso Valverde Iglesias,
asasinado na Volta dos 9
Arquivo IEM



“MEU SOGRO FACÍA PARTE DA CNT,
DA DEFENSA DOS MARIÑEIRO.
FOI POLAS IDEAS QUE O MATARON
PORQUE EL Á GUERRA NON
FOI, QUE ERA COXO E NIN FOI Á
GUERRA. MATÁRONO POLAS IDEAS,
SIMPLEMENTE”.

PILAR GONZÁLEZ, NORA DE ROSARIO
RODRÍGUEZ E O REI CHIQUITO



Unión de Hermanos Proletarios
Arquivo IEM

A SINRAZÓN DA VINGANZA

Apresáronos polas súas ideas mais matáronos por vinganza.

Quitaron os nove do cárcere un par de días despois da redada contra os *Ineses*, como represalia polo falecemento no hospital do falanxista Refojo. Cando soubo que non sobrevivía as feridas de bala que lle infrinxira José López Luis, o cabo Pena partiu furibundo cunha partida de gardas civís e falanxistas ao cárcere de Vigo, para *pasear a rojos*. Din que quería sacar a José Villafines, presidente da Sociedade Agraria de Sabarís, e ao seu irmán Agustín, alcalde de Baiona, pero que lle pediron a documentación do traslado e como non a tiña, non llos deixaron levar, salvándolles a vida. E din que logo do tempo que estiveron presos, xa no exilio, a familia de Villafines coincidiu en Venezuela coa filla do cabo Pena.

Aquela noite, aínda máis furioso, marchou ata o Frontón, e alí, sen que ninguén llo impedise, elixiu nove presos gobernamentais en arresto preventivo e, por tanto, sen ningún control xudicial. Leváronos no camión e ao chegar ao camiño de Baredo fixéronos baixar. Eran as tres da mañá. A *Chubasca*, que era *escabecheira* e tiña quenda de noite, sentiu o motor e tivo o arrepío de que lle levaban o seu home, de que levaban ao *Pelonio*. Así foi.

Conta a memoria oral que, xa na mañá do dezaseis, un dos falanxistas ao que lle chamaban Juan *Arrocha*, foi xunto ao señor Bernardo do Aral pedirlle unha padiola coa que levar os cadáveres ao cemiterio e tiralos xuntos nunha foxa: “Préstame unha padiola para levar de aquí a estes porcos” din que dixo, referíndose aos mortos.

E chegou o castigo do silencio das ideas e do novo relato imposto. E chegou a dor do recordo:

“Saíron cara a Baredo e alí din que os mataron. Eu nunca quixen ver onde era, nunca quixen ir mirar aquelas cruces que sempre aparecían pintadas no chan, nunca, non podía” contoulle Manuela Lijó a Juan González.

Hai feridas que, como a da perna de Eugenia, a viúva do *Lijó*, nunca curan de todo. Moito menos se non se airean.

O QUE FICOU POR VIVIR

Como as viúvas da Volta houbo moitas outras mulleres que, no paredón ou no paseo dos homes, deixaron o futuro que tiñan que ter vivido con eles. Como Josefa Iglesias, a viúva de Vázquez Grela, o mestre de Nigrán. Como **Joaquina Sanromán Martínez**, que tivo que sacar adiante catro fillas e tres fillos logo do asasinato do seu home, o ferroviario José Enrique Cabreira López, o 24 de setembro de 1936. Como **Lucinda Penedo**, viúva de Manuel Prudencio de Rosario, veciño de Gondomar asasinado e arroxado na foxa de San Xián.

“DESPOIS VIÑERON Á MIÑA CASA, A XUNTO A MIÑA NAI, CLEMENTINA A CHUBASCA, EU TIÑA OITO ANOS, VIÑERON PARA QUE LLES ASINARA COMO QUE (O MEU PAI) MORRERA, PERO ELA NEGOUSE. BOTOUNOS DA CASA. PASARON OS ANOS PERO A MIÑA NAI NON PODÍA ESQUECER, LEVANTÁBASE DE NOITE, SENTÍA GOLPES NA CASA, SENTÍA QUE ENTRABAN NA CASA, MIRA QUE ERA FORTE, PERO NON PODÍA SACAR AQUEL MEDO, NON DEIXABA DE CHORAR E ISTO ANO TRAS ANO”.

JOSÉ RODRÍGUEZ, FILLO DO PELONIO E CLEMENTINA FREIRE, A CHUBASCA, PARA JUAN A. GONZÁLEZ

Joaquina Sanromán, viúva de Cabreira
Arquivo familiar



José Enrique Cabreira López
Arquivo familiar



Carmen Rodríguez, viúva de Antonino Comesaña,
co seu fillo Guillermo
Arquivo familiar





Eusebia Pampillón co seu fillo Telmo e a súa filla Margarita anos despois
Arquivo familiar



Foto para o carné de beneficencia de Eusebia Pampillón Oitabén, viúva de José Comesaña Pérez e os seus fillos Telmo e Margarita en 1940
Arquivo familiar

Como **Esperanza Hermida**, que o 26 de outubro do 36 casou en capela con Joaquín Míguez Ledo, fusilado ese mesmo día xunto a José Pequeño Rodríguez, o alcalde de Gondomar.

Nas gabias do Val de Miñor derramáronse ademais as historias que tiñan que ter vivido mulleres doutros lugares da contorna como o barrio vigués de Alcabre. De alí eran José Comesaña Pérez, o seu irmán Antonino, o seu primo Emilio Comesaña Sobreira e Fernando Costas Iglesias, todos directivos da Sociedade de Agricultores.

Como pasou na Volta dos 9 foron sacados de madrugada do cárcere improvisado no Frontón, dez días antes dos asasinatos na estrada a Baredo, o 6 de outubro do primeiro ano. Logo leváronos a Vincipios, parroquia de Gondomar, xunto con Emilio Giráldez Rodríguez, veciño de San Pedro da Ramallosa, e Manuel Villar Cima-devila, do barrio vigués do Pino. Foron asasinados en dous grupos: tres na Pasaxe e tres en Vichicáns. Non levantaron os seus cadáveres ata as cinco da tarde, e segundo conta o fillo de José Comesaña e **Eusebia Pampillón**, Telmo Comesaña, obrigaron a un veciño da zona, Manuel Alonso Prado, a trasladalos no seu carro de bois polo centro da vila ata o cemiterio municipal, a uns oito quilómetros, destapados, "como se dunha procesión do terror se tratase".

“OS ZAPATOS (DOS SEIS ASASINADOS) FORON A RECOMPENSA NEGOCIADA CO MESTRE DE MAÑUFE E PRESIDENTE DA COMISIÓN DO CEMITERIO, D. ROGELIO DE LA GRANJA, COMO RECOMPENSA POR ABRIR SEIS FOXAS INDIVIDUAIS EN VEZ DE UNHA FOXA COMÚN COMO ERA HABITUAL (...) CONTOU A FILLA DE EMILIO, CARMEN GIRÁLDEZ, QUE O MÉDICO DA FAMILIA AO SABER QUE O CADÁVER ESTABA NO CEMITERIO DE MAÑUFE, LEVOU ALÍ UNHA CAIXA. ASÍ SE CONFIRMOU QUE O RESTO FORAN ENTERRADOS SEN ELA”.

TELMO COMESAÑA, ORFO DE EUSEBIA PAMPILLÓN E JOSÉ COMESAÑA, VECIÑO DE ALCABRE ASASINADO EN VINCICIOS EN OUTUBRO DO 36

O obxectivo era amedrentar á xente para impoñerse.

Foron enterrados descalzos e, agás Emilio Giráldez, sen caixa.

Aquel paseo deixou nos camiños de entrada a Gondomar, cinco viúvas e quince criaturas orfas. Ademais, os fascistas detiveron e cortáronlle o pelo a **Carmen e Aurora Comesaña Fernández**, dúas das fillas de Emilio Comesaña e **Aurora Fernández**: "Leváronas ao cuartel da Falanxe en Bouzas -conta Telmo Comesaña- e alí as *trasquilaron*. O seu pai xa sabía que lles ían cortar o pelo, así que un día que pasou un señor vendendo teas, el mercou un retallo de seda, levouno á casa e díxolles: 'Cortádeo en catro cachos', -porque tiña catro mulleres-. Elas preguntaron por qué e el contestou: 'Porque vos van cortar o pelo'".

Foi tal o terror soportado polas mulleres, que algunhas enfermaron ou ficaron ao bordo da tolemia.

"TODO ISTO TRAUMATIZOU A ROSARIO POR COMPLETO, NON PODÍA VER OS VECIÑOS, NON PODÍA LEMBRAR, ERA MELLOR ESQUECER. MANUEL SI QUE O FIXO PERO ROSARIO NON ERA CAPAZ, UNHA MULLER TAN FORTE, TAN INTELIXENTE, QUEDOU DERRUBADA".

ROSA ALONSO, NETA DE ROSARIO RUIZ E MANUEL ALONSO EN DECLARACIÓNS A JUAN A. GONZÁLEZ

Aurora Comesaña, rapada polos falanxistas, segunda pola dereita
Arquivo familiar



Aurora Fernández, viúva de Emilio Comesaña Sobreira
Arquivo familiar



“A MIÑA NAI PÚXOSE A BERROS E XUNTOUSE A XENTE. AS MULLERES INSULTARON OS FALANXISTAS. LOGO, NO FIELATO, RAPÁBANAS, OBRIGÁBANAS A ESPIRSE E A SABER QUÉ MÁIS”.

SERXIO ARAÚJO, FILLO DE ESPERANZA LOSADA E ABILIO ARAÚJO

5. TOLAS COA DOR

É unha constante que se repite por toda Galicia. Mozas que tolean polas vexacións que lles infrinxen os fascistas ou, como Manuela Abuín, a nai de Carmen Meañós, por non poder soportar a dor da perda do home. Tamén pasou no Val de Miñor. Pasoulle, por exemplo, a **Esperanza Losada**, viúva de Abilio Araújo, membro do Sindicato da Construción de Gondomar asasinado no Rosal, na estrada de Baiona á Garda.

“A miña nai tivo problemas mentais. Unha discapacidade do cincuenta por cento. Foi a raíz do asasinato do meu pai, antes estaba ben. Logo de enfermar marchou comigo para o Uruguai e alí levámola ao hospital. Os médicos mirárona pero dixeron que non había nada que facer. Que igual se a levásemos antes... pero pasaran anos desde o do meu pai e non había nada que facer. Nunca tomou medicación ningunha, nada”.

Eduardo Araújo, fillo de Esperanza Losada e Abilio Araújo

Esperanza estaba na casa cando foron buscar o home uns falanxistas. Entre eles o seu propio sobriño, que andaba coa camisa azul.

-Non vai pasar nada, tía. Só queremos estar con el pero non é por nada malo.

Abilio estaba na viña co maior dos nenos, Álvaro, que tiña dez anos. Cando o levaron, a súa muller desesperouse.

Serxio, que aínda non cumprira catro anos cando lle mataron o pai, conta que Esperanza toleou da dor e da presión continua que sobre ela exerceron os falanxistas, ata deixar á familia sen nada.

Esperanza Losada, segunda pola esquerda, nunha reunión familia
Arquivo familiar



“O meu pai traballaba facendo estradas e matárono por culpa dos caciques. Matárono e quedamos sen nada. A miña nai toleou empeñada pola contribución. Debías e facían poxas coas túas terras, e como só tiñan cartos os ricos, quedaban con todo. Chamábanlle os lobos porque comían todo. Nós tiñamos moito capital, moito, e quedamos sen nada. A miña nai perdeu o rumbo, unha señora traballoulle a veiga e logo quedou nas súas mans. A miña nai nin sabía ata onde chegaba e quedounos con ela. Moitos fixéronse ricos roubando”.

Serxio Araújo, fillo de Esperanza Losada e Abilio Araújo

Ás veces non facía falla nin alegar débedas para amañar poxas. Non había lei que parase aos que agora mandaban e moitas familias de represaliados foron condenadas á fame polas incautacións dos seus bens como pago ás inxustas condenas ou polas requisas de alimentos, continuas na Galicia da posguerra. Mesmo se convertían en escravos de quen implantara a miseria.

A **Carmen Lago Álvarez**, esposa de Argentino Valverde, condenado por rebelión militar, embargáronlle a casa e terras. E tampouco Rita, *a de Marciana*, filla de Luís *o de Inés* puido herdar a casa familiar pois foi incautada logo do asasinato do seu pai e do seu tío José. O mesmo que pasou con moitos dos bens que tiñan Manuel Alonso e Rosario Ruíz, *a Alcaldesa*.

Casas, móbeis e mesmo o froito da terra ou o gando que podía quitar a fame, eran botín de guerra:

“Os que facían as requisas leváronlle á miña nai unha ovella. Onde non había home que defendese... tiñas dúas ou tres vacas ou porcos e xa che levaban un para os chupóns. Levábanche unha ovella para un cacique deses que andaba de *chivato*”.

Serxio Araújo, fillo de Esperanza Losada e Abilio Araújo

“LOGO FAME ATA DICIR BASTA, IAMOS AO XORNAL A GANAR UNHA PESETA E NIN COMER NOS DABAN E SERVIAMOS NAS CASAS DOS QUE MÁIS ROUBARAN E DOS QUE MÁIS MATARAN”

DIVINA MISA FIGUEROA, FILLA DE MATILDE, EN DECLARACIÓNS A JUAN A. GONZÁLEZ

Esperanza Losada
Arquivo familiar



**“ERA UNHA CASA NA QUE
QUERÍAN ESCRAVOS. A MIÑA
NAI DEIXOUME IR PARA GAÑAR
ALGO, MAIS NON GAÑEI NADA.
NUNCA FUN Á ESCOLA. FUN
DOUS DÍAS A CHAÍN E LOGO XA
MARCHEI COA MESTRA ALÁ E
NON VOLVÍN ESTUDAR MÁIS.
DEITÁBAME ÁS DOCE OU Á
UNHA E ÁS SETE XA ESTABA NO
MEDIO DO GANDO, CON VINTE
CABEZAS PARA O MONTE.
CASE NIN ME VESTÍAN, SÓ
ME MERCARON BOTAS OU
POLAINAS PARA APAÑAR O
TOXO”.**

SERXIO ARAÚJO, FILLO DE
ESPERANZA LOSADA E ABILIO
ARAÚJO

6. CONDENADAS Á FAME

A descendencia de Esperanza Losada e Abilio Araújo foi condenada ao traballo escravo para non morrer de fame. Con sete anos, a Serxio levárono para A Pobra do Brollón xunto á súa irmá Herminia, que tiña nove, e Álvaro, que xa cumprira os 14. Levouno dona Celia, a mestra da parroquia de Chaín, en Gondomar, que casou co cura de alá. Dixo que lle ía dar escola pero púxoo a traballar coma un escravo. Herminia tamén tiña que coidarlle as dúas criaturas e limparlle a casa, pero a ela aínda a levaba á escola. A Serxio non. Serxio non fixo máis que coidar o gando.

Di que don José, o cura co que casou Celia, “era un ditador”, e Álvaro, que axiña empezou a mocear, fuxiu daquela casa onde non lles deixaban saír a festa ningunha e onde levaban moitas tundas. Pero Serxio quixo quedar alá, ata que, cando tiña 14 anos, Esperanza foino buscar, “para levarme polas orellas á casa”.

“Prometéranme unha becerra e un año e volvín sen nada (...) Con aquel (don José) había que fiar fino. El comía peixe, ovos, xamón e a nós dábanos o unto. E sempre levabamos tundas. Eu levei unha boa porque tiña que coidar da burra fariñeira, escapoume e quedou preñada. E a señora... A señora entraba por unha porta e nós por detrás, pola porta dos criados”.

Serxio Araújo, fillo de Esperanza Losada e Abilio Araújo

Aínda así tiveron sorte porque, segundo conta Serxio, ao contrario que noutras familias sen pai, fame nunca pasaron:

“Na casa da miña nai matabamos o porco, criabamos polos e aínda que non se podían comer, porque había que vendelos na véspera do Nadal para mercar unha *sábana* ou un cuartillo de aceite, fame non pasabamos porque ata cociamos o sangue de cando mataban o porco e comíámolo. (...) Antes os xurelos e a raia e as sardiñas non os quería ninguén. E comiamos cabeza de *merluza* ou bacallau. Levabamos xurelos por caixas e metíámolos en sal. Era moi barato e comías con verduras e patacas. Do que pasamos fame foi de pan. No concello dábannos o pan de ración e o pan bo comíano eles. Dábannos o de migalla negra que era o que se lles daba aos cabalos, que lle facían a fariña moendo a casca...”

Serxio Araújo, fillo de Esperanza Losada e Abilio Araújo

Son moitas as lembranzas sobre a quebra dunha infancia que rematou demasiado pronto, trocando a escola que soñara a República pola inclemencia de traballos demasiado duros para unhas criaturas, adultas de súpeto polo golpe da orfandade.

“Con nove anos, a miña nai quitoume da escola e mandoume a unha casa de Vigo a servir (...) Un día rompílle a fonte á señora e dixo que ía chamar á miña nai para dicirlle que ese mes non cobraba. E nin sequera cobraba cartos. Tíñame traballando pola cartilla de racionamento. Con dez anos. Collín as zapatillas e volvín andando desde Vigo. Aínda hoxe que teño máis de oitenta estou para romper unhas zapatillas novas”.

Julia Barbosa, orfa de Julia Sanjuán e Manuel Barbosa, asasinado na Volta dos 9



As fillas de Manuel Barbosa e Julia Sanjuán
Arquivo familiar

MORRER DE MISERIA

Un caso extremo da fame herdada co asasinato do home foi o de **Dolores Portela**.

Joaquín Iglesias, o *carpinteiro de San Pedro*, formaba parte daquel goberno elixido nas urnas o 31 de maio do 31 e que encabezaba Manuel Alonso. Matárono logo do golpe, con 64 anos, na estrada que vai á Guarda, deixando na orfandade a Eduardo, Generosa, Constantina, Pepa, Antonia, Basilisa e Ulpiano. Conta Juan González que o único en idade de traballar e gañar o pan era Eduardo pero obrigárono a ir á guerra, loitar contra as ideas do seu pai. Regresa enfermo de tuberculose e morre. E tras el morren as súas irmás Generosa, Antonia e Basilisa, de tuberculose e fame.

Tamén elas son vítimas do terror que asolagou o Val de Miñor.

Joaquín Iglesias, home de Dolores Portela,
asasinado polos falanxistas
Arquivo IEM



“NON FOI NADA FÁCIL, NADA FÁCIL PARA NÓS... NON TIÑAMOS NADA, PERO NADA DE NADA. NIN ROUPA, NIN COMIDA, NIN NADA... MEU IRMÁN ACABOU FUXINDO DE NENO CARA Á AMÉRICA E ALÍ SIGUE VIVINDO, EN MONTEVIDEO... NIN A EL NIN A MIN NOS DEIXABAN IR Á ESCOLA POR SER FILLOS DUN ROJO. OS DOUS ERAMOS UNS ANALFABETOS E NON PUIDEMOS NIN IR Á ESCOLA”.

EULALIA VEIRO, FILLA DE SALADINA VIDAL, EN DECLARACIÓNS
A JUAN A. GONZÁLEZ

“NON HABÍA QUE COMER, NON HABÍA QUE BEBER, NON HABÍA ROUPA, ERA COMO SE O DEMO O COMERA TODO. PASOUSE UNHA FAME QUE NIN DIOS”.

BERNARDINO SANROMÁN EN DECLARACIÓNS A JUAN A.
GONZÁLEZ

“ESCOITEI DICIR QUE O VIÑERAN AVISAR DOUS MOZOS DA PARROQUIA, VECIÑOS, DAQUELES QUE LLE DERAN UNHA CAMISA AZUL, PARA QUE SE PRESENTASE NO CUARTEL DA GARDA CIVIL DE BAIONA. CANDO SAÍU DA CASA E VIROU O CAMIÑO, BOTÁRONSE A EL E LEVÁRONO PRESO. NUNCA MÁIS REGRESOU. OÍN TAMÉN QUE NO CUARTEL O TORTURARON SALVAXEMENTE”.

ULPIANO IGLESIAS, ORFO DE JOAQUÍN E DOLORES PORTELA EN
DECLARACIÓNS A JUAN A. GONZÁLEZ

Ulpiano Iglesias, orfo de Joaquín, emocionado na apertura da foxa de San Xián
onde estaba o seu pai, xunto ás informantes
Arquivo IEM



“A ESCOLA DE CANDO EU ERA PEQUENA ESTABA XUNTO AO CEMITERIO DE NIGRÁN, NA CASA PEQUENA QUE HAI ALÍ. HABÍA UNHA MESTRA QUE NOS ENSINABA NELA, SOLEDAD. E A ESCOLA DE NENOS ESTABA NO CRUCE. MATÁRONLLES AO MESTRE, JOSÉ GRELA. SACÁRONO DA ESCOLA DIANTE DOS NENOS E MATÁRONO. CANDO VIU FRANCO ELA SEGUIU DANDO CLASE PERO EU XA NON FUN. MAMÁ TIÑA SETE FILLOS, NON FACÍA MÁIS QUE TRABALLAR E DESPOIS FALTOULLE EL, E QUEDÁRONLLE OS SETE... TIVO QUE IR AO XORNAL, POÑERSE A TRABALLAR E EU A COIDAR DELES. XA NIN ESCOLA NIN NADA”.

MARUXA CABREIRA, FILLA DE JOAQUINA SANROMÁN E JOSÉ ENRIQUE CABREIRA, ASASINADO EN AGOSTO DO 36

7. AFASTADAS DO SEU EMPREGO

Todas as mulleres foron vítimas. Mesmo as que apoiaron o bando vencedor. Porque o franquismo rachou cos avances conseguidos na II República e as mulleres deixaron de ser tratadas como cidadás para quedar tuteladas polo varón, home ou pai, coma se fosen menores de idade.

As consignas da Sección Feminina convertéronse na biblia e, man a man coa Igrexa cómplice, o novo Estado castrou a liberdade da muller, que ficou relegada ao papel de nai e esposa. Asinar un contrato, saír do país ou vender unha propiedade herdada do pai precisaba do beneplácito do home.

Os seus dereitos tamén foran asasinados.

Unha das máis graves represalías que trouxo consigo o golpe de Estado foi a soprotada polo ensino. A II República tiña claro que a educación era unha das armas máis potentes para intentar reducir as desigualdades sociais e puxo en marcha unha profunda reforma educativa que profesionalizaba e puña en valor o maxisterio e avogaba por levar a cultura tamén á poboación adulta. Programas de alfabetización intentaban reducir as altísimas cifras de analfabetismo (en Galicia case 9 de cada 10 mulleres non sabían ler nin escribir) e Misións Pedagóxicas percorrían o país para achegar a cultura ás vilas. Ademais, por vez primeira, a educación non é só cousa de varóns. A II República avogou porque todas as nenas, coma todos os nenos, asistisen a clase con independencia da situación económica do seu fogar. *Roperillos* ou comedores que axudasen a paliar as carestías dos fogares máis humildes intentaban atraer as nenas ás aulas. Pero o golpe foi devastador para a escola republicana.

Ao franquismo dá-lle igual se as nenas acudían ou non á escola. O seu destino estaba no fogar así que, se non ían non pasaba nada e, se ían, recibían materias distintas ás dos varóns co obxecto único de convertelas en boas nais e esposas.

Nas aulas franquistas, as nenas recibían materias destinadas a convertelas en boas esposas e nais
Arquivo Museo de Pontevedra



O maxisterio foi fondamente represaliado tras o golpe
Arquivo IEM



As mestras foron sometidas a expedientes de depuración que indicaban se eran dignas de transmitir as proclamas do novo réxime, misóxino e autoritario. Tamén os mestres, mais nos expedientes delas escrutábanse cuestións como as súas amizades, o seu proceder social, se estaban ou non casadas ou se tiveran partos de solteira. En definitiva, se encaixaban no novo modelo de muller franquista que propagaba a Sección Feminina de Pilar Primo de Rivera: "La única misión que tienen las mujeres en el nuevo Estado es el hogar" proclamaba a irmá de José Antonio.

No Val de Miñor iniciáronse expedientes de depuración contra as mestras **María Aguiar Piñeiro**, veciña da Baíña en Baiona, **África González**, mestra de Chandebrito, en Nigrán, **Juliana Concepción Gómez Martín**, de Donas, e **Gloria Barbazán Fernández**, de Peitieiros, en Gondomar.

Tamén contra a encargada do matadoiro de Nigrán, **María Fernández Couto**, que tiña 51 anos. Veciña do Viso, en San Pedro de Ramallosa, conta Juan González no seu libro sobre a represión, que tanto os informes da Garda Civil como da Falanxe din que "foi simpatizante da Fronte Popular, polo que votou e fixo propaganda e despois non viu con moita simpatía o movemento nacional", ademais de destacar que o seu home, Ramón Casal, cumpría condena de trinta anos por ser un destacado dirixente da esquerda. Ela fai un prego de descargo lembrando que o seu fillo, Carlos Casal, levaba vinte meses de voluntario no exército franquista, ademais de nas milicias falanxistas.

Pilar Primo de Rivera nunha visita a Pontevedra
Arquivo Museo de Pontevedra





A escola republicana apostou pola incorporación das nenas á aula.
Na imaxe a escola de Marcón, Pontevedra, na II República
Arquivo familiar, cedida por A Memoria das Mulleres

Non é pequeno o número de descendentes de presos republicanos que acaban alistándose no exército, na División Azul ou mesmo militando na Falanxe, para intentar amosar unha lealdade co novo réxime que reduza a presión sobre a familia.

María Fernández ten, sen embargo, o aceno resistente de aproveitar a súa propia defensa no expediente sancionador para denunciar a precaria situación laboral que padece no posto do que a queren botar: "Esgrime que como encargada que é do coidado e limpeza do matadoiro público municipal nunca deu lugar a queixa nin sanción de ningunha clase e isto débese a que sempre cumpriu escrupulosamente cos seus deberes a pesar da 'mezquiña' retribución do cargo de 1 peseta diaria".

Gardas civís, falanxistas, curas, -e pais de alumnado, no caso do ensino-, tiñan nas súas mans o futuro das persoas investigadas pois eran os responsábeis dos informes incluídos nos expedientes de depuración. Expedientes que podían supoñer que a persoa fose afastada do seu traballo para sempre, temporalmente, ou obrigada a un traslado forzoso, tanto dentro da mesma provincia como fóra de Galicia, un castigo que acostumaban aplicar, sobre todo, a quen tiña ideoloxía galeguista.

No caso da mestra Julia Concepción Gómez, a sanción consistiu en "suspensión temporal de emprego e soldo, traslado dentro da provincia por tres anos e inhabilitación para cargos directivos".



O despois na escola
Arquivo Museo de Pontevedra

Conta Carlos Méixome no seu artigo *A represión franquista sobre o maxisterio miñorán* publicado no outono do 2008 na Revista de Estudos Miñoráns do IEM, que a mestra de orixe cacereña estudara Maxisterio “por libre” en Compostela e estaba interesada nas modernas correntes pedagóxicas da Institución Libre de Ensinanza, moi afastadas *da letra co sangue entra* que se imporía despois na escola franquista, presidida polo crucifixo. Dona Concha, nome co que era tratada na familia, tivo a súa primeira escola en Donas e alí coñeceu a José Cribeiro, que era o mestre dos nenos ademais de activo militante da *Federación de Trabaxadores de la Enseñanza* da UXT e un dos principais animadores da Sociedade Agraria e do Sindicato da Construción e Oficios varios de Gondomar. Foi, de feito, nomeado alcalde interino tras a proclamación da II República en abril de 1931 e ata que, en xuño dese ano, se proclamou a nova corporación elixida nas urnas.

A súa suspensión, coma a de Concha, chegou por orde do infame gobernador civil Ricardo Macarrón e foi publicada o 1 de setembro de 1936. Tamén foron depurados o irmán del, Pío Cribeiro, e a muller deste, **Regina Rodríguez**, que daban clases en Aldán (Cangas), así como a irmá de Regina, Áurea Rodríguez, mestra de Coiro.

Tras a sanción, o matrimonio sobrevive coa axuda da familia e dando clases particulares en Gondomar. Ela reincorporouse ás aulas en 1941 pero foi trasladada á Caniza, e o seu home deu clase en Mañufe a partir de 1948. Sempre estiveron con vixilancia e non foi ata mediados dos anos 60 que deixaron de ser frecuentemente visitados pola policía franquista.

8. RESISTENTES E SOLIDARIAS

Aínda con toda a dor e todo o terror, as mulleres tiveron acenos resistentes e foron solidarias cos presos, as familias represaliadas e os fuxidos, a pesar de que iso xa lles custara a vida ou a liberdade a moitas persoas. Malia a alerta do recordo de *Perfecta*, -asasinada e enterrada entre os dous homes que agochara logo de ser expostos os corpos na entrada do cemiterio de Baiona- ou do recordo de Rogelia Cabreira, presa durante anos en Tarragona, **dona Venancia** socorreu a Vázquez Grela, **Áurea** e **Concepción** deron de comer *aos do monte* e **A Menora** tivo agochado a Abilio *o Pinicheiro* ata que o colleron e por toda A Camesella escoitou-se o berro: imataron a Abilio! imataron *o Pinicheiro*!

Mentres quen máis tiña máis roubaba, había moita xente humilde que lembraba a loita pola igualdade do tempo da esperanza, e non fiaba todo á usura:

“Como quedamos sen nada, para salvar do pouco que tiñamos (a avoa) fíxolle unha venda a Lisardo (Sanromán, presidente da Sociedade Agraria de Panxón), que era tan, tan boa persoa e amigo, que despois de pasados os anos máis duros, pasoulle todo de novo a nome da miña tía, xa que os meus avós non podían ter nada en propiedade”

Rosa Alonso, neta de Rosario Ruiz, en declaracións a Juan A. González

O pobo tamén deixou deserta, por tres veces, a poxa dos bens incautados ao soño colectivo: á Sociedade de Agricultores de San Pedro, á de *Trabajadores de la Tierra*, e á Sociedade de Obreiros da Construción *La Unión* de San Pedro, a pesar de tratarse, como conta González, de locais estratexicamente situados e de bens taxados moi por debaixo do seu valor real. Ninguén se atreveu a apropiarse do que ata o golpe pertencía a toda a comunidade, dos lugares onde non só se loitaba por unha mellora nas condicións da clase obreira se non tamén por espallar a cultura entre as familias máis humildes.

ABEIROS PARA O SINHOR AFRANIO

Foron mulleres as que posibilitaron que Antón Alonso Ríos, propulsor da proclamación da República Galega naquel histórico acto de Compostela e presidente do Consello de Galiza no exilio, saíse do país caracterizado como un esmoleiro, *o senhor Afranio*. Aquela travesía levouno ao Val de Miñor tal e como el mesmo contaba na súa autobiografía:

“Cheguei diante da escola onde o meu amigo, mestre e poeta Victoriano Taibo, cun punteiro na man ensinaba nun mapa unha lección de xeografía aos seus alumnos. A porta da escola estaba aberta; mesmo á súa beira e sentado, cos rapaces facendo roda, ía sinalando os distintos países da Europa. Sin determe, olleino moi ben. El non apartou a ollada do mapa. Non se decatou, non, craro, de min, mais nin



Na súa fuxida, Alonso Ríos pasou pola escola de Taibo
Arquivo IEM

de que alguén pasaba por diante da escola. Acordeime -i como non ía lembrarme!- da miña propia escola, dos meus rapaces, dun mundo de afáns e desexos que ficaba tan perto e tan lonxe ao mesmo tempo”.

Isaura Gómez Pérez, viúva do líder agrarista Francisco Rodríguez, *Paco o de Figueiró*, viaxou co fillo máis pequeno, Mario, de Tomiño ata Lisboa para levarlle a Alonso Ríos os papeis que lle permitisen abandonar Galicia logo de meses de fuxida, nos que a súa muller, **Oliva Rodríguez**, e a súa descendencia atoparon o acubillo das irmás Alonso Ríos, a pesar da represión que elas mesmas padeceran. **Dolores** e **Matilde**, que eran mestras, foron sometidas a expedientes de depuración e **Evangelina** estivo presa en Pontevedra. Tampouco Oliva se librou da presión falanxista. Sometida a continuos rexistros en Tomiño viaxou ata Vilagarcía con Chamor, o fillo maior, para metelo nun barco rumbo a Arxentina e libralo da fronte, mentres Oliva, Celta e Ombú, as outras tres criaturas do matrimonio residían en Silleda coa avoa paterna, **Matilde Ríos**.

A familia Alonso Ríos
co seu amigo, Segundo Arceo, de pé
Arquivo familiar



Isaura Gómez co seu fillo Mario
Arquivo familiar, facilitada por Natalia Jorge

As irmás de Alonso Ríos
Arquivo familiar



“A PARTIR DA MORTE DE PAPÁ, CHOLO E MAIS EU, AO MEDIODÍA E Á NOITE, SUBIAMOS A COMER Á CASA DO TÍO MOGIMES E MAMÁ ARRANXABA COMO PODÍA COA AXUDA DA MIÑA TÍA ANUNCIADA E CO PERIGO DE CORRER A MESMA SORTE QUE PAPÁ, PORQUE NON DEIXABA DE FALAR”

EUGENIO ABALLE, FILLO DE ANTONIA RIAL E MANUEL ABALLE, ASASINADO NA VOLTA DOS 9, EN DECLARACIÓNS A JUAN A. GONZÁLEZ

“CANDO ALGUÉN ME INTENTA “ACONSELLAR” PARA QUE ESQUEZA, PREGÚNTOLLE: O TEU PAI MORREU? E SE A RESPOTA É AFIRMATIVA VOLVO PREGUNTARLLE: VÍCHELO MORRER? RECOLLICHES O SEU ÚLTIMO ALENTO? TI E A TÚA FAMILIA FIXESTES O VELORIO? ACOMPAÑÁSTELO ATA O CEMITERIO?”

AÍ TES A DIFERENZA!

PODE UN FILLO ESQUECER QUE O SEU PAI FOI ASASINADO, TIRADO NUNHA GABIA E ARROXADO A UN BURACO? EU NON!”

TELMO COMESAÑA, ORFO DE EUSEBIA PAMPILLÓN E JOSÉ COMESAÑA, VECIÑO DE ALCABRE ASASINADO EN VINCIOS EN OUTUBRO DO 36

“AS CRUCES PINTÁBAAS CALQUERA QUE POR ALÍ PASABA. EU BEN SEI QUE SOFÍA, A MULLER DE FÉLIX, SEMPRE QUE PODÍA AS FACÍA E NUNCA FORON CAPACES DE COLLELA”.

MANUELA LIJÓ, FILLA DE EUGENIA MIJÓN E O LIJÓ, ASASINADO NA VOLTA DOS 9, EN DECLARACIÓNS A JUAN A. GONZÁLEZ

9. PREGOEIRAS DA MEMORIA

Pero o principal aceno resistente que tiveron as mulleres foi o de manter a memoria para transmitírnola como legado. Quixeron impoñerlles o silencio e as viúvas, as criaturas orfas, e as herdeiras das ideas, negáronse a esquecer.

“A min nunca se me vai esquecer... non vou esquecer o que pasamos, o que pasei cando era nena”.

Eulalia Veiro, filla de Saladina Vidal, en declaracións a Juan A. González

Todo un pobo negouse a esquecer e, por iso, A Volta da Bombardeira converteuse en icona da memoria colectiva de Galicia representada en nove cruces que un tempo tras outro aparecían no punto en que o terror segara a vida dos 9 miñoráns.

“Recordo as nove cruces que aparecían pintadas na terra, aparecían xusto onde mataran a nove homes de Baredo, Baiona e Panxón. Fusiláranos xusto antes de chegar a Rocamar, un pouco despois da curva da Virxe da Roca. Durante moito tempo aparecían as cruces pintadas, borrábanas e volvían a xurdir. Non sei quen as faría, probablemente amizades ou parentes dos mortos”.

Manuel González, O Reino, en declaracións a Juan A. González

As marcas da memoria foron tan perennes que o acontecido chegou ata o novo século e por iso os arqueólogos do Instituto de Estudos Miñoráns contaron en 2009 coa axuda de tres mulleres, **Lola Lomba Muñoz** e as irmás **Teresa** e **Concha Pérez Muñoz** para localizar os corpos de cinco homes asasinados cando elas non eran máis que unhas nenas, e enterrados en dúas foxas de San Xián, no Rosal. Eran Abilio Araújo, Joaquín Iglesias Portela, Manuel Prudencio, Manolo, *o Palero*, e un quinto home, aínda hoxe sen identificar.



O orfo de Generoso Valverde, Generoso, amosa as cruces de Baredo nunha foto feita polo irmán para ensinarllas á nai
Arquivo IEM

Queda moita memoria por rescatar.

Queda moito camiño por andar.

E só poderá facerse perseguindo a senda das ideas de xente coma os *Ineses*, -que entre outras moitas iniciativas fundamentais para a colectividade, fundaran tamén o sindicato das leiteiras-, e desbotando o relato que convertía en viláns a fuxidos como *Lolito*, quen cargou con moitos *pecados* que non eran seus.

"Coméntase que o matara un tal *Lolito* que andaba fuxido, que fora de noite pola súa casa e dun pau o matara. Pero iso non era certo, o *Garento* vello matárono os falanxistas. Foron pola súa casa de madrugada para que lles dese cartos e este, que era moi avaro, non quixo darlles nada e acabaron matándoo. Seino ben porque o meu irmán Doro estaba de criado na súa casa e aquela noite salvouse porque saltou por unha ventá procurando axuda".

María de Parada en declaracións a *Juan A. González*

As irmás Pérez Muñoz axudaron ao IEM a localizar a foxa de San Xián
Arquivo IEM





Manuel Prudêncio,
un dos aparecidos na foxa de San Xián
Arquivo IEM



Familiares, veciñanza e membros do IEM
na apertura da foxa de San Xián
Arquivo IEM

É importante petar co relato herdado na parede da mentira inxusta que permitiu que os que asasinaban e deixaban os corpos nas gabias ensuciasen durante décadas os nomes de quen defendía a liberdade. Aínda hoxe no Val de Miñor dignificado polas cruces da Volta dos 9, escóitase ás veces falar con terror dos fuxidos e reverenciar os caciques que sementaron morte, fame e medo.

Que as voces das silenciadas enmudezan ese falso relato para sempre.

I. BIBLIOGRAFÍA

Abad Gallego, Xoán Carlos: "Héroes o Forajidos, 'Fuxidos' y guerrilleros antifranquistas en la comarca de Vigo". Instituto de Estudios Vigueses, (2005)

Comesaña Pampillón, Telmo: "Era martes". (Inédito)

González, Juan A. : "Nigrán, memoria dunha guerra 1936-1939". Edicións do Cumio, 2014 (2ª edición).

Méixome, Carlos: "Os de Priegue en Canido. A causa 646/36. Da resistencia como ilusión á represión como sistema". Revista de Estudos Miñoráns (IEM), 2009.

Méixome, Carlos: "A represión franquista sobre o maxisterio miñorán". Revista de Estudos Miñoráns (IEM), 2008.

II. PUBLICACIÓNS CONSULTADAS NA WEB

Alonso Ríos en Gondomar. Un imaxinario, aínda que posible, paseo. (Carlos Méixome)

<http://pedogalinheiro.blogspot.com/2018/04/alonso-rios-en-gondomar-un-imaxinario.html>

Fosas de San Xián. (IEM) <https://nova.iem.gal/tag/fo-sas-de-san-xian/>

Nomes e voces <http://www.nomesevoces.net>

Obreros comprometidos (Neli Pillado para *Faro de Vigo*)

<https://www.farodevigo.es/sociedad-cultural/2009/04/09/obrerros-comprometidos/315098.html>

Repertorio bibliográfico do exilio galego <http://conselhodacultura.gal/mediateca/documento.php?id=333>

III. DOCUMENTAIS:

Volta dos Nove. Arte e memoria (IEM, 2007)

A Volta dos Nove. (O Faiado Producións, 2014)

IV. ENTREVISTAS:

Araújo Losada, Eduardo

Araújo Losada, Serxio

Barbosa Sanjuán, Julia

Cabreira Sanromán, Lupe

Cabreira Sanromán, Maruxa

Comesaña Pampillón, Telmo

González Vieites, Pilar


V. AGRADECEMENTOS

Este texto foi posíbel grazas ás persoas que compartiron o seu testemuño, á colaboración de Xilberte Manso, Xosé Lois Vilar e, sobre todo, ao inxente traballo de investigación de Juan A. González, recollido no seu libro *Nigrán, memoria dunha guerra 1936-1939*, que foi a fonte principal deste artigo.

A todas as persoas que sufriron a represión e a todas as familias que gardaron a memoria do acontecido para bater contra o relato imposto

TEXTO: MONTSE FAJARDO

DESEÑO E MAQUETACIÓN: ROSA DE CABANAS



ORGANIZA:



COLABORAN:



CONCELLO DE
BAIONA



CONCELLO DE
GONDOMAR



CONCELLO DE
NIGRÁN



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA